

# RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

1ºESO,3ºESO 1ºBAC.

DEPARTAMENTO  
DE  
EDUCACIÓN  
FÍSICA

**MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA**  
**CURSOS: 1ºESO, 3ºESO e BAC**  
**ANO ACADÉMICO: 2023-2024**

**CONTIDOS****1ª AVALIACIÓN**

- CONDICIÓN FÍSICA E CONTIDOS  
COMÚNS A EDUCACIÓN FÍSICA. SAÚDE  
- MULTIDEPORTES E XOGOS PREDEPORTIVOS  
E TRADICIONAIS  
- ACTIVIDADES NA NATUREZA  
- FLORRBALL

**2ª AVALIACIÓN**

- BÁDMINTON  
- AXILIDADE E HABILIDADES  
XIMNÁSTICAS  
- EXPRESIÓN CORPORAL E  
RITMO

**3ª AVALIACIÓN**

- XOGOS E DEPORTES ALTERNATIVOS  
- FRESBEE E ULTIMATE  
- CICLOTURISMO E MOBILIDADE  
SOSTIBLE

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: Consúltense na programación didáctica****METODOLOXÍA**

Adoptarase a metodoloxía máis adecuada ás características, tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos. Con todo, dada a importancia que para a instauración dun hábito ten a súa práctica frecuente, é importante favorecer unha metodoloxía que se fundamente na aprendizaxe a través da práctica, o traballo en equipo e o desenvolvemento de proxectos.

A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

**CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN****ESCENARIO PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL.**

A nota final da avaliación abranguerá as seguintes partes:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das

competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Realizarase unha proba escrita por trimestre.

#### Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ....

As porcentaxes a seguir serán:

20% Proba escrita

40% Traballo individual traballo grupal práctico (probas físicas).

40% Observación do traballo diario, participación activa nos xogos, presentación de fichas, uso do material, etc.

#### Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Fundamentalmente a participación activa, o interese, esforzo e atención, así coma a colaboración nas actividades grupais e a recollida e colocación dos materiais empregados.

A observación será o instrumento de maior valor para os docentes de E.F. xa que na nosa asignatura, (mediante a observación valoraremos o traballo grupal, o individual e a maioría dos estándares. (exceptuando aqueles que se valoren de maneira específica na proba teórica.)

***ESCENARIO NON PRESENCIAL.*** No suposto de ter que impartir un ensino non

presencial: · Realización de probas prácticas: 40% da cualificación.

· Elaboración de traballos: 20% da cualificación-

· Traballo e actitude: (Realización e entrega das tarefas propostas nas que se terá en conta a presentación en tempo e forma, a calidade do traballo e a actitude do alumnado en canto a interese, esforzo e participación nas actividades propostas): 40% da cualificación da correspondente avaliación.

## **NOTA FINAL**

A cualificación final na convocatoria ordinaria será o redondeo da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación (tendo en conta as recuperacións). Unha vez que se teña unha nota final, o profesor/a poderá redondear a nota por exceso ou por defecto segundo corresponda á valoración do traballo e actitude do alumno.

Promocionará o alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco puntos, tendo en conta a súa progresión ao longo do curso.

Se a media das avaliacións non é suficiente para aprobar terá que facer tarefas de recuperación e realizar probas para superar a avaliación final.

Sarria, a 11 setembro de 2023

**Materia: EDUCACIÓN FÍSICA**

**Curso: 3º E.S.O.**

**CONTIDOS**

**1ª AVALIACIÓN**

- DEPORTES INDIVIDUAIS:  
ATLETISMO: CARREIRA CON VALLAS  
E SALTOS.  
-DEPORTES COLECTIVOS: FUTSAL, VOLEIBOL  
-XOGOS.

**2ª AVALIACIÓN**

-CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE  
-- BÁDMINTON  
- BALONCESTO  
- EXPRESIÓN CORPORAL:  
COREOGRAFÍAS

**3ª AVALIACIÓN**

- TÉCNICAS DE PRIMEIROS  
AUXILIOS  
-DEPORTES MINORITARIOS E  
NOVEDOSOS.  
-HABILIDADES XIMNÁSTICAS NO  
CHAN. PARKOUR  
-EXPRESIÓN CORPORAL:  
ACROSPORT.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. CONSÚLTENSE NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.**

**METODOLOXÍA**

Adoptarase a metodoloxía máis adecuada ás características, tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos. Con todo, dada a importancia que para a instauración dun hábito ten a súa práctica frecuente, é importante favorecer unha metodoloxía que se fundamente na aprendizaxe a través da práctica, o traballo en equipo e o desenvolvemento de proxectos.

A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. . Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo. . No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

### ESCENARIO PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL.

A nota final da avaliación abranguerá as seguintes partes:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Realizarase unha proba escrita por trimestre.

## Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ....

As porcentaxes a seguir serán:

20% Proba escrita

40% Traballo individual traballo grupal práctico (probos físicas).

40% Observación (actitude, comportamento, etc.)

## Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Fundamentalmente a participación activa, o interese, esforzo e atención, así coma a colaboración nas actividades grupais e a recollida e colocación dos materiais empregados.

A observación será o instrumento de maior valor para os docentes de E.F. xa que na nosa asignatura, (mediante a observación valoraremos o traballo grupal, o individual e a maioría dos estándares. (exceptuando aqueles que se valoren de maneira específica na proba teórica.)

***ESCENARIO NON PRESENCIAL.*** No suposto de ter que impartir un ensino non

presencial: · Realización de probas prácticas: 40% da cualificación.

· Elaboración de traballos: 20% da cualificación-

· Traballo e actitude: (Realización e entrega das tarefas propostas nas que se terá en conta a presentación en tempo e forma, a calidade do traballo e a actitude do alumnado en canto a interese, esforzo e participación nas actividades propostas): 40% da cualificación da correspondente avaliación.

## **NOTA FINAL**

A cualificación final na convocatoria ordinaria será o redondeo da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación (tendo en conta as recuperacións). Unha vez que se teña unha nota final, o profesor/a poderá redondear a nota por exceso ou por defecto segundo corresponda á valoración do traballo e actitude do alumno.

Para facer a media aritmética será necesario ter aprobado en cada avaliación o apartado actitudinal cunha cualificación igual ou superior a cinco puntos.

Promocionará o alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco puntos, tendo en conta a súa progresión ao longo do curso.

Sarria, a 11 setembro de 2023

**Materia: EDUCACIÓN FÍSICA**

**Curso: 1º B.A.C.**

## **CONTIDOS**

### **1ª AVALIACIÓN**

-ATLETISMO.  
-ACTIVIDADES NA NATUREZA: ORIENTACIÓN  
-DEPORTES COLECTIVOS: VOLEIBOL, FUTSAL  
-XOGOS TRADICIONAIS.  
-ANIMACIÓN SOCIODEPORTIVA.

### **2ª AVALIACIÓN**

- **CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE.**  
- BÁDMINTON  
-PRIMEIROS AUXILIOS.  
-ACTIVIDADES  
XIMNÁSTICAS. -  
EXPRESIÓN CORPORAL.

### **3ª AVALIACIÓN**

-DEPORTES DE RAQUETA  
-BALONMÁN.  
-TENIS  
-DEPORTES ALTERNATIVOS.  
-PLANIFICACIÓN DA CONDICIÓN FÍSICA.

**ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. CONSÚLTENSE NA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **METODOLOXÍA**

Adoptarase a metodoloxía máis adecuada ás características, tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos. Con todo, dada a importancia que para a instauración dun hábito ten a súa práctica frecuente, é importante favorecer unha metodoloxía que se fundamente na aprendizaxe a través da práctica, o traballo en equipo e o desenvolvemento de proxectos.

A metodoloxía didáctica nesta etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. . Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo. . No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliábeis previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e máis unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

## **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

## ESCENARIO PRESENCIAL/SEMIPRESENCIAL.

A nota final da avaliación abranguerá as seguintes partes:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo.

Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes dos alumnos e das alumnas terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora, e deberá terse en conta desde todas as materias a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e do desenvolvemento das competencias correspondente. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Realizarase unha proba escrita por trimestre.

### Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo, ....

As porcentaxes a seguir serán:

20% Proba escrita

40% Traballo individual traballo grupal práctico (probos físicas).

40% Observación (actitude, comportamento, etc.)

### Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Fundamentalmente a participación activa, o interese, esforzo e atención, así coma a colaboración nas actividades grupais e a recollida e colocación dos materiais empregados.

A observación será o instrumento de maior valor para os docentes de E.F. xa que na nosa asignatura, (mediante a observación valoraremos o traballo grupal, o individual e a maioría dos estándares. (exceptuando aqueles que se valoren de maneira específica na proba teórica.)

### ESCENARIO NON PRESENCIAL. No suposto de ter que impartir un ensino non

presencial: · Realización de probas prácticas: 40% da cualificación.

· Elaboración de traballos: 20% da cualificación-

· Traballo e actitude: (Realización e entrega das tarefas propostas nas que se terá en conta a presentación en tempo e forma, a calidade do traballo e a actitude do alumnado en canto a interese, esforzo e participación nas actividades propostas): 40% da cualificación da correspondente avaliación.



## NOTA FINAL

A cualificación final na convocatoria ordinaria será o redondeo da media aritmética das notas obtidas en cada avaliación (tendo en conta as recuperacións). Unha vez que se teña unha nota final, o profesor/a poderá redondear a nota por exceso ou por defecto segundo corresponda á valoración do traballo e actitude do alumno.

Para facer a media aritmética será necesario ter aprobado en cada avaliación o apartado actitudinal cunha cualificación igual ou superior a cinco puntos.

Promocionará o alumnado cunha cualificación igual ou superior a cinco puntos, tendo en conta a súa progresión ao longo do curso.

Sarria, a 11 de setembro de 2023